



**EXPEDIENTE M3/2018 DE CONCESIÓN DE
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, BAIXAS POR
ANULACIÓN DE CRÉDITOS E MODIFICACIÓN DO
ANEXO DE INVESTIMENTOS NO ORZAMENTO XERAL
DE 2018.**



Expediente M3/2018 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2018

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que ten por finalidades: a realización dun gasto específico e determinado cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, sendo insuficiente o crédito orzamentario no presente exercicio; as baixas por anulación de créditos necesarias para finais; e a modificación do anexo de investimentos derivada desas baixas. É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Trátase de un suplemento de crédito por importe de douscentos corenta e seis mil euros (246.000,00 €), e dúas baixas por anulación de créditos por importe total de douscentos corenta e seis mil euros (-246.000,00 €).

Trátase de utilizar os sobrantes de crédito orzamentario producidos que logo se detallarán para incrementar a dotación orzamentaria da aplicación de Emerxencia Social, a través da que se de da cobertura a necesidades básicas e urxentes en situacións persoais e familiares de emerxencia, dado o incremento de solicitudes a atender que se ven producindo. Son necesidades cuxa atención antes da finalización do exercicio orzamentario é necesaria.

Os sobrantes de crédito que provocarán as baixas a aprobar son:

1.- Na aplicación 31.1629.22716, Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, por importe de (-96.000,00 €), xa que a raíz da última resolución xudicial quedou anulado o acordo de 2011 polo que se asumía o pago á concesionaria do custo de transporte e tratamento do 55% dos rexeitamentos, o que implica un sobrante no crédito da aplicación que pode ser utilizado para esta finalidade.

2.- Na aplicación 30.1532.609.07, de obras de urbanización, concretamente no proxecto de modernización de prazas e vías, derivado da baixa na adxudicación da obra Mellora Praza de Recife (obra plurianual, licitada en 2017, e adxudicada en 2018. En 2018 o crédito previsto para esta obra era de 303.000 euros, pero só houbo que utilizar para adxudicala 136.000)

II.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2018 (M3/2018), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	246.000,00
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS:	246.000,00

MINORACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS	- 246.000,00
	TOTAL MINORACIÓNS ESTADO GASTOS:	- 246.000,00

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	NOVOS INGRESOS	0,00
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO DE INGRESOS:	0,00

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS	0,00
VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:	0,00

DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPITULOS DE GASTO

CAPITULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	-96.000,00
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	246.000,00
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		150.000,00
CAPITULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	-150.000,00

VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		-150.000,00
TOTAL		0,00

DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE INGRESO

CAPITULO		IMPORTE
I	Impostos directos	0,00
II	Impostos indirectos	0,00
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos patrimoniais	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		0,00
CAPITULO		IMPORTE
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00
TOTAL		0,00

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 23 de xullo de 2018

O ALCALDE



Expediente M3/2018 de suplemento de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación do Anexo de Investimentos no Orzamento 2018

Informe proposta

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2018 remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de suplementos de crédito. Respecto das baixas por anulación aparecen reguladas nos artigos 49 e seguintes do RD 500/1990.

De acordo coas normas apuntadas, os suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante as que se incrementa o crédito nunha aplicación xa que o dispoñible resulta insuficiente para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.


No presente expediente, o financiamento prodúcese con cargo a dúas baixas de crédito, por un importe total de douscentos corenta e seis mil euros (-246.000,00 €).

As baixas de crédito afectan a créditos non comprometidos e que, segundo os cálculos, poden reducirse sen que sufran deterioro os servizos para os que foron adscritos inicialmente, segundo consta nos informes dos respectivos servizos. As baixas de crédito aparecen relacionadas nas listaxes que acompañan ao expediente.

Proponse a baixa neste expediente modificativo de parte do crédito dispoñible na aplicación 31.1629.22716, denominada Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, por importe de (-96.000,00 €), xa que, segundo o informe do respectivo Servizo é posible tramitar esa baixa de crédito na aplicación de xestión de RSU ao ditarse sentenza no Xulgado contencioso-administrativo número 4 e anularse o Acordo de 2011 polo que se asumiu o pago á concesionaria do custo do transporte e tratamento do 55% dos rexeitamentos.

Tamén se propón dar de baixa parte do crédito na aplicación de obras de urbanización 30.1532.60907, no código de proxecto de modernización de prazas e vías, financiado con recursos propios para destinalo a financiar a necesidade urxente de emerxencia social. Importe da baixa de crédito (-150.000,00 €).

II.- O expediente de concesión de suplemento de crédito, baixas de crédito e Modificación do Anexo de investimentos do orzamento 2018, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Na devandita Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.



O expediente M3/2018 de modificación do Orzamento de 2018 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, segundo consta no certificado que obra no expediente, de conformidade co establecido no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local), vistos os informes obrantes no mesmo e previo ditame emitido pola Comisión informativa de Facenda e Administración sométese a aprobación polo Pleno da Corporación. Unha vez producida a aprobación inicial polo Pleno, por maioría simple dos membros presentes, o expediente haberá de expoñerse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o propio Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP, entrando en vigor unha vez efectuada dita publicación.

III. Conforme á normativa citada, e se V.E. considérao oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2018 (M3/2018), mediante concesión dun suplemento de crédito, por importe de douscentos corenta e seis mil euros (246.000,00 €)



e dúas baixas por anulación de crédito por importe total de douscentos corenta e seis mil euros (- 246.000,00 €). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M3/2018" que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar a distribución do financiamento procedente de dúas baixas por anulación de crédito por importe de douscentos corenta e seis mil euros (- 246.000,00 €). Todo iso reflectido no listado "Expediente M3/2018. Financiamento".

3. Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2018, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M3/2018. Modificacións do Anexo de Investimentos".

4. Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, 26 de xullo de 2018

Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos,



Belén Blanco de Azpiazu

Conforme,
Director de Economía, Facenda e Administración,



Eduardo Mera Rico

VºBº

Concelleira de Facenda e Administración,



Mª Eugenia Vieito Blanco

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	cap	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CODIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS	SERVIZOS SOCIAIS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	51.231.48001	4	Emerxencia social	246.000,00			Insuficiencia de crédito ante a necesidade de cubrir necesidades básicas e urxentes en situacións persoais e familiares como consecuencia do incremento do número de solicitudes de axuda
MEDIO AMBIENTE REXENERACION URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SUSTENTABLE	MEDIO AMBIENTE	BAIXA DE CRÉDITO	31.1629.22716	2	Xestión de Residuos Sólidos Uurbanos	-96.000,00			Baixa de crédito na aplicación de xestión de RSU ao dítarse sentenza no Xulgado contencioso-administrativo número 4 e anularse o Acordo de 2011 polo que se asumiu o pago á concesionaria do custo do transporte e tratamento do 55% dos rexeitamentos. A baixa de crédito financiará o suplemento para a necesidade urxente de emerxencia social.
	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.60907	6	Inv. Nova Obras de Urbanización	-150.000,00	2016 2 30 9	NON VINCULADA	Baixa de crédito na aplicación de obras de urbanización, no código de proxecto de modernización de prazas e vías, financiado con recursos propios, destinado e financiar a necesidade urxente de emerxencia social.

Expediente M3/2018
Financiamento



AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	BAIXAS DE CRÉDITO	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	IMPORTE	Baixas de crédito	Destino baixas
XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS	SERVIZOS SOCIAIS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	51.231.48001	Emerxencia Social		246.000,00	246.000,00		246.000,00
MEDIO AMBIENTE	MEDIO AMBIENTE	BAIXA DE CRÉDITO	31.1629.22716	Xestión de Residuos Sólidos Urbanos	-96.000,00		-96.000,00	-96.000,00	
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SUSTENTABLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.60907	Inv. Nova Obras de Urbanización	-150.000,00		-150.000,00	-150.000,00	
					-246.000,00	246.000,00	0,00	-246.000,00	246.000,00

Expediente M3/2018.
Modificacións do Anexo de Investimentos



ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO A VIVENDA E MOBILIDADE SUSTENTABLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.60907	Inv. Nova Obras de Urbanización	-150.000,00	2016 2 30 9	NON VINCULADA	Baixa de crédito na aplicación de obras de urbanización, no código de proxecto de modernización de prazas e vías, financiado con recursos propios, destinado a financiar a necesidade urxente de emerxencia social.



EXPEDIENTE M3/2018 DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS, BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DE COMPETENCIA PLENARIA, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2018.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M3/2018 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación e modificación do anexo de investimentos nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se acompaña.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2014, aprobadas pola Corporación xunto co mesmo, constitúen o réxime legal ao que debe someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRHL, titulada "Dos créditos e as súas modificacións", artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2018, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME:

I.- Antecedentes.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a aprobación dun suplemento de crédito por importe de 246.000 € na aplicación 51.231.480.01 (emerxencia social) por insuficiencia de crédito para cubrir necesidades básicas e urxentes como consecuencia do incremento de solicitudes de axuda.

A totalidade do financiamento provén de dúas baixas de créditos por un importe total de 246.000€, co cal o expediente aparece nivelado, dado que o importe do suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.



I.- ALTAS.

Suplementos de crédito	246.000€
------------------------	----------

II.- FINANCIACIÓN DOS INCREMENTOS DE GASTO.

Baixas por anulación de créditos	246.000€
----------------------------------	----------

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Así mesmo en relación ao suplemento de crédito, no expediente dáse tamén cumprimento ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o que segue: *O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que financiará o aumento que se propón. Devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.*

II.- Exame do expediente

O suplemento de crédito que se somete á consideración do Pleno (246.000€) provén de solicitude da área de Xustiza Social e Ciudadanos pola necesidade de aumentar os créditos iniciais previstos na aplicación de emerxencia social destinados a cubrir necesidades básicas e urxentes en situacións persoais e familiares de emerxencia como consecuencia do incremento de solicitudes de axuda, cifrando en 246.000€ as necesidades de maior crédito para dar cobertura á totalidade de solicitudes de axuda

As baixas de crédito necesarias para financiar o suplemento de crédito proceden das aplicacións 31.1629.227.16 (xestión de residuos urbanos) por importe de 96.000€ e 30.1532.609.07 (investimento novo en obras de urbanización-modernización en prazas e vías públicas) por importe de 150.000€. Ambas foron informadas favorablemente os servizos en canto non afectan as necesidades do servizo.

Polos demais aspectos do expediente de modificación presentado, no que se refire ás cuestións estritamente orzamentarias e sen prexuízo do que poida dicirse na fase de fiscalización do gasto, non existe observación, advertencia, excepción ou comentario que proceda realizar.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.



Segundo o artigo 177 do TRLRHL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nin alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor. Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Con todo, a tenor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1. b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, 24 de xullo de 2018

O INTERVENTOR XERAL accidental



INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DE COMPETENCIA PLENARIA 3/2018 DO CONCELLO DA CORUÑA, DE SUPLEMENTOS E BAIXAS DE CRÉDITO, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2018.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 2.1 d) que é aplicable ás Corporacións Locais.

O expediente que será sometido ao Pleno da Corporación finánciase integramente con baixas por anulación de créditos e non con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais. Non afecta a créditos de gastos e ingresos financeiros e por tanto non ten repercusións a efectos de estabilidade orzamentaria.

É o meu informe que se emite para o seu coñecemento polo Pleno da Corporación.

A Coruña, 24 de xullo de 2018.

O INTERVENTOR XERAL ACCIDENTAL



.....Don Miguel Iglesias
Martínez, secretario xeral
Accidental do Pleno do
Excelentísimo Concello da
Coruña.

**Expediente M3/2018 de
suplemento de crédito, baixas
por anulación de créditos e
modificación do Anexo de
Investimentos no Orzamento
2018.**

CERTIFICO: Que o Excmo.
Concello Pleno en sesión
extraordinaria realizada o día 3 de
agosto de 2018, por unanimidade
dos Grupos Municipais de (Marea
Atlántica (MA) (10 votos),
Partido Popular (PP) (10 votos),
Partido Socialista (PSdeG-PSOE)
(5 votos) e o Bloque Nacionalista
Galego/Asembleas Abertas
(BNG/AA) (1 voto) adoptou o
seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de
modificación do estado de gastos
do Orzamento 2018 (M3/2018),
mediante concesión dun
suplemento de crédito, por
importe de douscentos corenta e
seis mil euros (246.000,00 €) e
dúas baixas por anulación de
crédito por importe total de
douscentos corenta e seis mil
euros (- 246.000,00 €). Todo iso
reflectedo na listaxe denominada
“Expediente M3/2018” que se
incorpora ao expediente.

2. Aprobar a distribución do
financiamento procedente de dúas
baixas por anulación de crédito
por importe de douscentos

.....Don Miguel Iglesias
Martínez, Secretario General
Accidental del Pleno del
Excelentísimo Ayuntamiento de A
Coruña.

**Expediente M3/2018 de
suplemento de crédito, baixas por
anulación de créditos y
modificación del Anexo de
Inversiones en el Presupuesto
2018.**

CERTIFICO: Que el Excmo.
Ayuntamiento Pleno, en sesión
extraordinaria celebrada el día 3
de agosto de 2018, por
unanimidad de los Grupos
Municipales de (Marea Atlántica
(MA) (10 votos), Partido Popular
(PP) (10 votos), Partido
Socialista (PSdeG-PSOE) (5
votos) y el Bloque Nacionalista
Galego/Asembleas Abertas (BNG/
AA) (1 voto) adoptó el siguiente
acuerdo:

1.-Aprobar el expediente de
modificación del estado de gastos
del Presupuesto 2018 (M3/2018),
mediante concesión de un
suplemento de crédito, por
importe de doscientos cuarenta y
seis mil euros (246.000,00 €) y
dos bajas por anulación de
crédito por importe total de
doscientos cuarenta y seis mil
euros (-246.000,00 €). Todo esto
en la lista denominada
“Expediente M3/2018” que se
incorpora al expediente.

2.-Aprobar la distribución de la
financiación procedente de dos
baixas por anulación de crédito
por importe de doscientos





corenta e seis mil euros (-246.000,00 €). Todo iso reflectido no listado “Expediente M3/2018. Financiamento”.

3. Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2018, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M3/2018. Modificacións do Anexo de Investimentos”.

4. Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 del Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais e a resultas do texto definitivo da Acta.

A Coruña, 6 de agosto de 2018

Vº e Pr

A concelleira-delegada
Facenda e Administración

cuarenta y seis mil euros (-246.000,00 €). Todo esto reflejado en el listado “Expediente M3/2018. Financiación”.

3.-Aprobar la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2018, incorporando las alteraciones que resulta de la modificación de créditos presupuestario que se realizan en este expediente, detallados en la lista que se incorpora al mismo titulado “Expediente M3/2018. Modificaciones del Anexo de Inversiones”.


4.-Facultar al Excmo. Sr. Alcalde para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad al acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 do Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las corporaciones locales y a resultas del texto definitivo del Acta.

A Coruña, 6 de agosto de 2018

Vº. Bº.

La Concejala-Delegada de
Hacienda y Administración



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación inicial de expediente M3/2018 de suplemento de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral de 2018

ANUNCIO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o día 3 de agosto de 2018, aprobou inicialmente o expediente M3/2018 de suplemento de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación do anexo de investimentos do Orzamento xeral de 2018.

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado Boletín Oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 3 de agosto de 2018.

Director de Economía, Facenda e Administración

Eduardo Mera Rico

2018/5953



Servicio de Interior
Departamento de Asuntos Generales
Unidad de Registro e Información

D. MANUEL JOSÉ DÍAZ SÁNCHEZ, SECRETARIO GENERAL DEL EXCMO.
AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO

Que la Jefa de Servicio de Interior, con fecha 4 de septiembre de 2018, emitió el informe que se transcribe literalmente:

“El 8 de agosto de 2018 se publicó en el BOP número 150, el anuncio de aprobación inicial del expediente M3 2018 de suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos y modificación del anexo de inversiones en el presupuesto general de 2018.

Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 9 de agosto hasta el 30 de agosto de 2018, no figura presentada alegación alguna a dicha aprobación inicial”.

Y para que conste y surta efectos consiguientes, expido la presente de orden y con el visto bueno del Sr. Alcalde a fecha de la firma electrónica.

Vº Bº
El Alcalde
PD,

Concejala de Participación e Innovación Democrática



**Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos**
Aprobación definitiva M3/2018

DECRETO

Á vista do informe proposta emitido polo Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos en data 6 de setembro de 2018 e en virtude das atribucións ao meu cargo conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVÍN:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M3/2018 de concesión de suplementos de crédito, baixas de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento de 2018 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Alcaldía-Presidencia da cidade da Coruña, a 6 de setembro de 2018

O Alcalde,





**Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos**
Aprobación definitiva M3/2018

Informe-proposta:

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de agosto de 2018, aprobou inicialmente o expediente M3/2018 de concesión de suplementos de crédito, baixas de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento de 2018.

Exposto ao público o expediente, por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 150, que se produciu en data 8 de agosto de 2018, non consta que se presentase reclamación algunha contra del, segundo certificación do Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña de data 6 de setembro de 2018, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, propónse a adopción do seguinte DECRETO:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M3/2018 de concesión de suplementos de crédito, baixas de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento de 2018 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

A Coruña, 6 de setembro de 2018.

Xefa de Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos


Belén Blanco de Azpiazu

Conforme:
Director de Economía, Facenda e
Administración


Eduardo Mera Rico

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva do expediente M3/2018, modificativo do orzamento de 2018

ANUNCIO

Asunto: aprobación definitiva expediente M3/2018

O Excmo. Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o día 3 de agosto de 2018, aprobou inicialmente o expediente M3/2018 de concesión de suplementos de crédito, baixas de crédito e modificación do Anexo de investimentos do orzamento xeral de 2018.

O expediente citado foi sometido a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 150, do 8 de agosto de 2018. Durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións contra del, segundo resulta da certificación expedida polo Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, mediante Decreto do Alcalde do 6 de setembro de 2018, adoptouse o acordo de considerar definitivamente aprobado o expediente M3/2018 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do Orzamento, incorporando as modificacións do devandito expediente M3/2018:

Resumo por capítulos

Estado de gastos

CAP.	INICIAL	ACTUAL	M3/2018	DEFINITIVO
1	62.427.712,88	63.521.845,73		63.521.845,73
2	117.398.765,27	118.435.527,19	-96.000,00	118.339.527,19
3	513.103,42	513.103,42		513.103,42
4	29.254.452,39	29.272.452,39	246.000,00	29.518.452,39
5	20.000,00	20.000,00		20.000,00
6	23.927.540,70	48.066.024,92	-150.000,00	47.916.024,92
7	5.252.969,95	11.613.185,56		11.613.185,56
8	30.001,00	176.159,83		176.159,83
9	7.975.454,39	7.975.454,39		7.975.454,39
	246.800.000,00	279.593.753,43		279.593.753,43

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 11 de setembro de 2018.

Director de Economía, Facenda e Administración

Eduardo Mera Rico